1	A documentación administrativa da compravenda	Estudo e análise dos documentos comerciais e mercantís utilizados nas operacións de compravenda, identificando a súa estrutura, función e normativa asociada.	10

Criterios de avaliación

RA2 - Confecciona documentos administrativos das operacións de compravenda en relación coas transaccións comerciais da empresa.

CA2.1 - Identificáronse os documentos básicos das operacións de compravenda e precisáronse os requisitos formais que deban cumprir.

CA2.2 - Recoñeceuse o contrato mercantil de compravenda.

CA2.3 - Describíronse os fluxos de documentación administrativa habituais da empresa relacionados coa compra e a venda.

CA2.6 - Comprobouse a coherencia interna dos documentos, para o que se trasladaron as copias aos departamentos correspondentes.

CA2.10 - Valorouse a necesidade de aplicar os sistemas de protección e salvagarda da información, así como os criterios de calidade no proceso administrativo.

Contidos

BC2 - Confección de documentos administrativos das operacións de compravenda

C2.1 - Contrato mercantil de compravenda.

C2.2 - Proceso de compra.

C2.3 - Proceso de venda.

C2.9 - Sistemas de protección de datos.

C2.10 - Avaliación da calidade do proceso administrativo.

Obxectivos específicos

Identificar e diferenciar os documentos básicos das operacións de compravenda.

Elaborar e revisar correctamente pedidos, albarás e facturas segundo os requisitos legais.

Empregar aplicacións informáticas de xestión administrativa para a emisión e control da documentación

Garantir a coherencia interna dos documentos e o cumprimento da normativa fiscal e mercantil.

Fomentar a precisión, orde e responsabilidade no tratamento da documentación administrativa.

Resultados ou produtos

Conxunto completo de documentación dunha operación de compravenda simulada (pedido, albará, factura e nota de crédito).

Rexistro dixital da documentación elaborada mediante software de xestión.

Informe resumo sobre o fluxo documental e o control de erros detectados.

Recursos específicos

Ordenadores con software de xestión administrativa e contable (ex. ContaPlus, FacturaPlus ou similares).

Modelos oficiais de documentos mercantís.

Acceso á normativa fiscal e comercial actualizada.

Material de apoio: exemplos, plantillas e guías de procedementos.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Xestión documental dunha operación de compravenda	Simulación de operacións de compravenda completas, elaborando e tramitando a documentación correspondente con ferramentas informáticas de xestión e facturación.	23

Criterios de avaliación

RA2 - Confecciona documentos administrativos das operacións de compravenda en relación coas transaccións comerciais da empresa.

CA2.4 - Identificouse o proceso de recepción de pedidos e a súa posterior xestión.

CA2.5 - Formalizáronse os documentos relativos á compra e á venda na empresa.

CA2.7 - Recoñecéronse os procesos de expedición e entrega de mercadorías.

CA2.8 - Verificouse que a documentación comercial recibida e emitida cumpra a lexislación e os procedementos internos da empresa.

CA2.9 - Identificáronse os parámetros e a información que cumpra rexistrar nas operacións de compravenda.

Contidos

BC2 - Confección de documentos administrativos das operacións de compravenda

C2.4 - Canles de venda e/ou distribución. Envío e entrega de mercadorías.

C2.5 - Elaboración de documentos de venda. Lexislación aplicable.

C2.6 - Devolucións e reclamacións.

C2.7 - Bases de datos de provedores e clientes.

C2.8 - Aplicacións informáticas de xestión e facturación de clientes.

Obxectivos específicos

Elaborar correctamente os documentos comerciais de compra e venda mediante aplicacións informáticas.

Reproducir o proceso de recepción e envío de mercadorías, respectando a normativa vixente.

Verificar a coherencia e validez dos documentos xerados.

Aplicar medidas de protección e seguridade da información.

Resultados ou produtos
Expediente completo de compravenda (pedido, albará, factura, comprobantes de pagamento e recepción). Rexistro dos datos de clientes e provedores nunha base de datos. Avaliación práctica individual con rúbrica de exactitude, presentación e cumprimento da normativa.
Recursos específicos
Ordenadores con aplicacións de facturación e xestión comercial. Modelos de documentos administrativos e exemplos de empresas simuladas. Calculadora, material de apoio e acceso á plataforma virtual.

UD	Título da UD	Duración
3	Liquidación de obrigas fiscais.	35

	Actividade	Descrición	Duración
1	Introdución á normativa fiscal e ás obrigas das empresas	Análise das principais normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda, co estudo do IVE e das obrigas de rexistro e conservación documental.	12

Criterios de avaliación

RA3 - Liquida obrigas fiscais ligadas ás operacións de compravenda, con aplicación da normativa fiscal.

CA3.1 - Identifícaronse as características básicas das normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.

CA3.2 - Identifícaronse as obrigas de rexistro en relación co IVE.

CA3.3 - Identifícaronse os libros-rexistro obrigatorios para as empresas.

CA3.7 - Recoñeceuse a normativa sobre a conservación de documentos e información.

Contidos

BC3 - Liquidación de obrigas fiscais derivadas da compravenda

C3.1 - Normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda.

C3.2 - Imposto sobre o valor engadido.

C3.5 - Libros de rexistro obrigatorios e voluntarios.

C3.7 - Obrigas na conservación de documentos e información.

Obxectivos específicos

Comprender os principios básicos da normativa mercantil e fiscal que regula as operacións de compravenda.

Identificar as obrigas fiscais das empresas en relación co IVE e co rexistro das operacións.

Coñecer os distintos tipos de libros rexistro obrigatorios e a súa finalidade.

Valorar a importancia da conservación da documentación contable e fiscal como parte da xestión administrativa.

Resultados ou produtos

Mapas conceptuais ou esquemas sobre o marco normativo e fiscal aplicable.

Táboas resumo dos libros rexistro obrigatorios e voluntarios.

Cuestionarios de autoavaliación e probas teóricas sobre conceptos fiscais básicos.

Actividades de análise de textos legais e normativa vixente.

Recursos específicos

Manuais e materiais normativos actualizados (Lei do IVE, Regulamento de facturación, etc.).

Plataforma virtual do centro con acceso a lexislación e materiais de apoio.

Presentacións e vídeos explicativos sobre o funcionamento do IVE e obrigas fiscais.

Ordeadores con conexión a internet para consulta da Axencia Tributaria.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Elaboración de declaracións e rexistros fiscais	Práctica das obrigas fiscais empresariais mediante a confección de libros rexistro de facturas, o cálculo e liquidación do IVE e a preparación de declaracións informativas e resumos anuais, empregando aplicacións informáticas e modelos oficiais.	23

Criterios de avaliación

RA3 - Liquida obrigas fiscais ligadas ás operacións de compravenda, con aplicación da normativa fiscal.

CA3.4 - Identificáronse os libros-rexistro voluntarios para as empresas.

CA3.5 - Identificouse a obriga de presentar declaracións trimestrais e resumos anuais en relación co IVE.

CA3.6 - Identificáronse as obrigas informativas á Facenda en relación coas operacións efectuadas periodicamente.

Contidos

BC3 - Liquidación de obrigas fiscais derivadas da compravenda

C3.3 - Modelos e prazos de presentación da declaración-liquidación do IVE.

C3.4 - Soporte documental e informático das operacións de compravenda.

C3.6 - Declaracións censuais e de operacións con terceiras persoas.

Obxectivos específicos

Aplicar correctamente a normativa fiscal na elaboración das declaracións trimestrais e resumos anuais do IVE.

Cumprimentar modelos oficiais de liquidación de impostos utilizando aplicacións informáticas de xestión.

Xestionar e arquivar correctamente o soporte documental e informático asociado ás operacións fiscais.

Desenvolver hábitos de precisión, orde e cumprimento de prazos na tramitación administrativa.

Resultados ou produtos

Modelos oficiais de declaración-liquidación do IVE correctamente cubertos.

Informes e rexistros simulados xerados mediante aplicacións informáticas.

Prácticas resoltas de cálculo e presentación de declaracións trimestrais e anuais.

Avaliación práctica individual mediante exercicios de simulación fiscal.

Recursos específicos
Ordeadores con aplicacións ofimáticas e programas de xestión tributaria (modelo 303, 390, etc.).
Exemplos reais de facturas, rexistros e documentos fiscais.
Calculadora e materiais de apoio para exercicios de simulación.
Plataforma virtual para a entrega de prácticas e revisión con feedback.
Acceso á web da Axencia Tributaria e normativa fiscal actualizada.

UD	Título da UD	Duración
4	Control de existencias e xestión de almacén.	30

	Actividade	Descrición	Duración
1	Clasificación e valoración das existencias	Análise dos distintos tipos de existencias e dos métodos de valoración máis habituais (FIFO, LIFO, PMP), elaborando un resumo comparativo cos principais sistemas de control de inventarios.	10

Criterios de avaliación

RA4 - Controla existencias aplicando sistemas de xestión de almacén.

CA4.1 - Clasificáronse os tipos de existencias habituais en empresas de produción, comerciais e de servizos.

CA4.2 - Diferenciáronse os tipos de embalaxes e envases que se utilizan.

CA4.5 - Identificáronse os métodos de control de existencias.

CA4.6 - Recoñecéronse os conceptos de existencias mínimas e existencias óptimas.

CA4.8 - Valorouse a importancia dos inventarios periódicos.

Contidos

BC4 - Control de existencias de almacén

C4.1 - Tipo de existencias.

C4.2 - Envases e embalaxes.

C4.6 - Stock mínimo e stock óptimo.

C4.7 - Métodos de valoración de existencias.

Obxectivos específicos

Comprender e distinguir os distintos tipos de existencias presentes nunha empresa (materias primas, produtos en curso, produtos rematados, mercadorías e envases).

Identificar e aplicar os principais métodos de valoración de existencias (FIFO, LIFO, PMP), analizando as súas vantaxes e limitacións.

Relacionar os métodos de valoración cos sistemas de control de inventarios máis habituais.

Desenvolver capacidade de análise comparativa e síntese da información contable e de xestión.

Empregar correctamente a terminoloxía técnica vinculada á valoración e control de existencias.

Resultados ou produtos

Resumo ou informe comparativo sobre tipos de existencias e métodos de valoración.

Táboas explicativas ou esquemas elaborados polo alumnado.

Exercicios resoltos de valoración de existencias segundo diferentes métodos (FIFO, LIFO, PMP).

Presentación breve ou exposición oral dos resultados do traballo.

Recursos específicos

Ordenadores con aplicacións ofimáticas (procesador de textos e follas de cálculo).

Material teórico e exemplos prácticos proporcionados polo profesorado.

Calculadora e materiais de apoio didáctico.

Plataforma virtual do centro para compartir documentos e consultar normativa ou exercicios.

Exemplos reais ou simulados de inventarios empresariais.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Xestión informática dun inventario	Simulación da xestión dun almacén mediante aplicación informática, introducindo movementos de produtos, calculando custos e stocks, e elaborando un informe final de control e melloras.	20

Criterios de avaliación

RA4 - Controla existencias aplicando sistemas de xestión de almacén.

CA4.3 - Describíronse os procedementos administrativos de recepción, almacenamento, distribución interna e expedición de existencias.

CA4.4 - Calculáronse os prezos unitarios de custo das existencias, tendo en conta os gastos correspondentes.

CA4.7 - Identificáronse os procedementos internos para o lanzamento de pedidos aos provedores.

CA4.9 - Utilizáronse as aplicacións informáticas e os procesos establecidos na empresa para a xestión do almacén.

Contidos

BC4 - Control de existencias de almacén

C4.3 - Inventarios e comprobacións.

C4.4 - Control e xestión de inventarios. Procesos administrativos.

C4.5 - Custo de existencias. Custo unitario.

C4.8 - Aplicacións informáticas para a xestión de almacén.

Obxectivos específicos

Aplicar os procedementos administrativos de recepción, almacenamento, distribución e expedición de produtos.

Realizar o control de existencias mediante rexistros informáticos.

Calcular os custos unitarios e totais das existencias xestionadas.

Elaborar informes de control de stocks e propostas de mellora na xestión do almacén.

Utilizar aplicacións informáticas específicas de xestión de almacén con precisión e rigor.

Comprender a importancia da coordinación entre o almacén e outras áreas da empresa.
Resultados ou produtos Base de datos ou ficheiro de inventario creado na aplicación informática. Rexistro de movementos de entradas e saídas de produtos. Cálculo dos custos unitarios e valoración do stock final. Informe final de control de existencias con propostas de mellora. Presentación ou exposición dos resultados obtidos.
Recursos específicos Ordenadores con aplicación informática de xestión de almacén (p. ex. Excel, Access, ERP educativo, etc.). Datos simulados de produtos, provedores e movementos de almacenamento. Manual de uso da aplicación informática. Proxector e pizarra dixital para explicacións e revisión de resultados. Plantillas e formularios de rexistro (entradas, saídas, inventario, custos).

UD	Título da UD	Duración
5	Cobros, pagamentos e fluxo financeiro.	30

	Actividade	Descrición	Duración
1	Medios e documentos de cobro e pagamento	Análise dos principais medios de cobro e pagamento utilizados nas empresas, identificando os seus documentos asociados e características básicas.	10

Criterios de avaliación

RA5 - Tramita pagamentos e cobramentos, para o que recoñece a documentación asociada e o seu fluxo dentro da empresa.

CA5.1 - Identificáronse os medios de pagamento e cobramento habituais na empresa.

CA5.5 - Recoñecéronse os documentos de xustificación do pagamento.

CA5.6 - Diferenciouse o pagamento ao contado do aprazado.

Contidos

BC5 - Tramitación de cobramentos e pagamentos

C5.1 - Medios habituais de cobramento e pagamento. Documentos de cobramento e pagamento.

Obxectivos específicos

Coñecer os medios de cobro e pagamento máis habituais.

Identificar os documentos financeiros correspondentes.

Resultados ou produtos

Resumo ou esquema comparativo de medios e documentos de cobro e pagamento.

Recursos específicos

Apuntes, exemplos reais de documentos, presentación multimedia.

Aula virtual

	Actividade	Descrición	Duración
2	Simulación de xestión de cobros e pagamentos	Simulación das operacións de cobro e pagamento dunha empresa empregando follas de cálculo ou aplicación informática, rexistrando movementos e prazos.	20

Criterios de avaliación

RA5 - Tramita pagamentos e cobramentos, para o que recoñece a documentación asociada e o seu fluxo dentro da empresa.

CA5.2 - Formalizáronse os documentos financeiros utilizados e os impresos de cobramento e pagamento.
CA5.3 - Valoráronse os procedementos de autorización dos pagamentos.
CA5.4 - Valoráronse os procedementos de xestión dos cobramentos.
CA5.7 - Identificáronse as características básicas e o funcionamento dos pagamentos por internet.
CA5.8 - Analizáronse as formas máis usuais de financiamento comercial.

Contidos
BC5 - Tramitación de cobramentos e pagamentos
C5.1 - Medios habituais de cobramento e pagamento. Documentos de cobramento e pagamento.
C5.2 - Procesos administrativos de cobramento e pagamento. Autorizacións.
C5.3 - Financiamento dos documentos recadatorios en prazo.

Obxectivos específicos
Aplicar procedementos de cobro e pagamento en casos prácticos.
Rexistrar operacións financeiras e calcular fluxos de tesourería.

Resultados ou produtos
Folla de cálculo cos rexistros e informe final de tesourería.

Recursos específicos
Ordenador, aplicación ofimática / ERP educativo, modelos de documentos financeiros

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións do módulo co obxectivo de coñecer o nivel de partida do alumnado respecto dos contidos, as competencias dixitais e os hábitos de traballo e organización. Esta avaliación terá carácter exclusivamente diagnóstico e os seus resultados non terán valor cualificable nin influirán na nota final.
Para a avaliación específica do módulo empregaranse os seguintes instrumentos:
1. Enquisa de avaliación inicial do alumnado onde se recollen datos persoais/académicos, coñecementos en informática, experiencia laboral e afeccións.
2. Supostos prácticos: Realizaranse 10 exercicios sinxelos de cálculo de importes, descontos, IVE, marxes, comisións, etc. O obxectivo é averiguar o grao de autonomía, velocidade e precisión na resolución, uso correcto de ferramentas (calculadora) e capacidade para detectar e corrixir erros.
Ademais, como titora do grupo, recollerei e analizarei estes datos para a posta en común co equipo docente e a orientadora, co obxectivo de determinar as características xerais do alumnado e as circunstancias particulares con incidencia educativa que requiran atención específica.
Os resultados da proba e das tarefas, xunto coa información recollida do resto do equipo docente e da titora, permitirán:

- Axustar o ritmo e a profundidade das primeiras unidades didácticas.
- Planificar actividades de reforzo ou recuperación para o alumnado con carencias significativas nas ferramentas principais.
- Identificar ao alumnado con alto nivel para propoñerlle actividades de ampliación, retos adicionais ou tarefas de maior complexidade.

• Contextualizar os contidos e exemplos prácticos cos intereses e experiencias previas do grupo, favorecendo unha maior motivación e cohesión desde o inicio do módulo.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**20**	**20**	**20**	**100**
Outro	80	80	80	80	80	**80**
Proba escrita	20	20	20	20	20	**20**

Procedemento e criterios de cualificación:

A avaliación do módulo será continua, formativa e integradora, e acreditará o grao de adquisición dos resultados de aprendizaxe conforme aos criterios de avaliación establecidos no currículo oficial.
PROCEDEMENTO DE EVALUACIÓN
A cualificación do alumnado será o resultado da ponderación dos seguintes instrumentos de avaliación:

• Probas escritas (PE): Para cada unidade didáctica (UD) realizaranse probas escritas de contido teórico ou teórico-práctico, que poderán incluír preguntas tipo test, verdadeiro/falso, completar ocos, relación de columnas, identificación de erros, secuenciación de pasos, preguntas de resposta curta, identificación de elementos en documentos, preguntas de desenvolvemento breve, resposta curta e/ou resolución de casos prácticos. Puntuarase de 0 a 10.
• Traballos realizados: Avaliaranse con táboas de indicadores (rúbricas) as evidencias de produto dos traballos ou documentos creados e/ou expostos polo alumnado, conforme ás instrucións da docente. Non se permitirá a entrega fóra de prazo, salvo causa xustificada conforme ás NOF. Puntuarase de 0 a 10.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
A cualificación de cada UD farase segundo os seguintes pesos:

• 80 % proba escrita
• 20 % realización dos supostos prácticos e traballos de aula, entregados na aula virtual

AVALIACIÓN ORDINARIA (1ª, 2ª e 3ª avaliación)
Para poder calcular a nota da avaliación, será obrigatoria a entrega mínima do 80 % das tarefas na aula virtual.
A continuación, preséntanse as unidades didácticas asignadas a cada avaliación:
• 1ª Avaliación: UD 1 e UD 2
• 2ª Avaliación: UD 3
• 3ª Avaliación: UD 4 e UD 5

En cada unidade didáctica será necesario acadar un mínimo de 5 puntos para facer media. A nota da avaliación será a media aritmética ponderada das UDs impartidas nesa avaliación, expresada de 1 a 10 sen decimais, sendo positiva cando se acade 5 ou máis, aplicándose redondeo do resultado final a partir de 0,51 (exemplo: 5,5 = 5; 5,51 = 6).
NOTA FINAL DO MÓDULO (convocatoria ordinaria)
A nota final será a media aritmética das tres avaliacións. Para superar o módulo na convocatoria ordinaria será necesario obter como mínimo un 5 en todas as avaliacións. A cualificación final do módulo será numérica, entre 1 e 10, sen decimais.
Normas de integridade académica:
Non se admitirán traballos ou actividades que constitúan copias ou plaxios de calquera procedencia (internet, compañeiros/as ou outras fontes).
O uso de apuntes, “chuletas”, libros, calculadoras, teléfonos móbiles ou calquera outro medio non autorizado polo

profesorado considerarase copia, e implicará unha cualificación de 0 (cero) na proba ou no traballo correspondente.
O alumnado afectado terá dereito a realizar unha proba ou traballo de recuperación. En caso de ausencia xustificada a unha proba, poderase aplicar unha avaliación alternativa sempre que se achegue xustificación documental e exista tempo suficiente antes do período avaliativo seguinte. A estrutura da proba poderá diferir da realizada polo resto do alumnado.
De acordo co Regulamento de Réxime Interno do Centro, non se permitirá ter acendido nin facer uso do teléfono móbil ou dispositivo semellante na aula durante as actividades lectivas nin nas probas de avaliación.

Procedemento e criterios de recuperación

Unha vez aplicados os criterios de cualificación e os procedementos descritos no apartado anterior, este apartado recolle o seguimento e recuperación específica do alumnado que teña Unidades Didácticas pendentes ao longo do curso.
A profesora fará o seguimento continuo das UDs pendentes, informando o alumnado das cualificacións de xeito individual na aula física e na aula virtual.
1. Recuperación continua (durante as avaliacións)
Se o alumnado non supera unha Unidade Didáctica (UD) dentro dunha avaliación, disporá dunha recuperación ao inicio da seguinte. Esta recuperación realizarase mediante unha proba específica que manterá a mesma estrutura, nivel de profundidade e criterios de avaliación que a proba ordinaria, garantindo así a coherencia e a equidade do proceso avaliativo. Para considerar superada cada UD será necesario obter 5 puntos.
2. Recuperación na avaliación final ordinaria
Ao rematar o curso, o alumnado que manteña algunha UD pendente poderá realizar unha proba final de recuperación, específica para cada unidade non superada.
Antes da avaliación final ordinaria, o alumnado recibirá un informe individualizado no que se detallarán as UD pendentes e os criterios de avaliación asociados. Así mesmo, disporá de titorías específicas no horario do módulo, dedicadas ao repaso de contidos, á resolución de dúbidas e á práctica de exercicios relacionados cos criterios non acadados.
A proba final manterá o mesmo formato, nivel de dificultade e criterios de avaliación que as probas ordinarias realizadas ao longo do curso. Para considerar superada a UD será necesario obter 5 puntos, e a cualificación obtida substituirá a anterior na convocatoria ordinaria.
3. Convocatoria extraordinaria
Se o módulo non se supera na convocatoria ordinaria, o alumnado poderá presentarse á proba extraordinaria, na que se avaliarán as UD non superadas.A proba extraordinaria poderá estruturarse por UD e poderá incluír:

- cuestións teóricas tipo test, de resposta breve, V/F e supostos prácticos de cálculos, elaboración e interpretación de documentación administrativa,etc.

Cada UD cualificarase entre 0 e 10 puntos, e será necesario obter 5 puntos en cada unha delas para superar o módulo nesta convocatoria.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso do alumnado repetidor ou con módulos pendentes de cursos anteriores que curse 2º curso, disporase dun curso aberto específico na aula virtual desde o inicio do curso, con materiais, actividades de reforzo e tarefas obrigatorias. A avaliación deste alumnado seguirase os mesmos criterios, instrumentos e procedementos establecidos para o resto do grupo.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado que supere o 10 % de faltas non xustificadas respecto da duración total do módulo perderá o dereito a ser cualificado mediante avaliación continua. As cualificacións das probas e tarefas realizadas durante o curso non poderán ser utilizadas para o cálculo das avaliacións parciais, aínda que constarán como evidencias do proceso formativo.
O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha única proba extraordinaria final, previa á avaliación final de módulos correspondente, segundo o establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.
A proba extraordinaria de avaliación será unha proba escrita teórico-práctica obxectiva, elaborada tomando como

referencia todos os resultados de aprendizaxe da programación do módulo, de acordo co establecido na resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ensinos de formación profesional do sistema educativo no curso 2025-2026.
A cualificación final do módulo corresponderase exclusivamente coa nota obtida nesta proba, expresada na escala numérica de 1 a 10 sen decimais, e considerarase superada cando o alumnado acredite a adquisición dos resultados de aprendizaxe avaliados cunha puntuación igual ou superior a 5 puntos
.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

A programación trata de ser o suficientemente flexible e aberta para que, se podan facer cambios que dan resposta ás diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, motivacións e interese do alumnado, facilitando desta forma a evolución individualizada de cada alumno/a. Consistirán basicamente en:
-Atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do profesor.
-Actividades de reforzo, repaso e profundización segundo as necesidades de cada alumno/a
-Adaptación do ritmo de exposición dos novos conceptos.
-Utilizaranse metodoloxías diversas e adaptadas á realidade e a contorna no que viven os alumnos/as para facilitarlles a asimilación dos contidos.
-A atención específica ten como finalidade que o alumnado poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos mínimos establecidos.

8.1. Programación da educación en valores.

A programación incorpora de forma transversal en todas as UD a educación en valores e o desenvolvemento de competencias persoais e sociais, promovendo:

- Igualdade, respecto á diversidade e non discriminación.
- Responsabilidade, ética profesional e confidencialidade.
- Traballo en equipo, comunicación asertiva e resolución pacífica de conflitos.
- Consumo responsable, respecto ao medio ambiente e educación para a saúde.
- Soft skills esenciais: empatía, xestión do tempo, adaptabilidade e discreción.
- Fomentarase un clima positivo de aula mediante debates, simulacións, traballo cooperativo ereflexión diaria, co obxectivo de formar profesionais íntegros, responsables e eficaces.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Co fin de potenciar a aprendizaxe práctica e a conexión coa contorna profesional, a programación contempla, a nivel xeral, a participación do alumnado en iniciativas formativas e complementarias coordinadas polo departamento, sempre que sexa viable e axeitado ao grupo.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Procedemento para o seguimento da programación
A programación didáctica presenta un carácter flexible e aberto, o que permite realizar os axustes necesarios para atender as diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, intereses e motivación do alumnado. O seguimento da programación, realizarase de forma continua cun periodicidade mensual, co obxectivo de detectar desviacións respecto da planificación inicial e introducir as modificacións oportunas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos.
Para tal fin, aplicaranse os seguintes procedementos:

- Rexistro na plataforma edu.xunta.gal/proens, onde se anotará o seguimento da programación, así como calquera desviación ou modificación introducida, acompañada da súa correspondente xustificación.
- Posta en común co equipo docente, co fin de coordinar actuacións, compartir información relevante e asegurar

unha intervención pedagóxica coherente.

- Revisión nas reunións do departamento e nas sesións de avaliación, analizando avances, dificultades e as medidas correctoras necesarias.
- Elaboración dunha memoria anual, na que se recollerán as conclusións do proceso de seguimento e as propostas de mellora para o curso seguinte.

Procedemento para avaliación da práctica docente:
A avaliación da práctica docente realizarase ao finalizar cada trimestre, a través dunha enquisa do alumnado que valore metodoloxía, recursos, actividades e avaliación, e dunha autoavaliación da profesora para reflexionar sobre fortalezas e aspectos de mellora. As conclusións permitirán establecer propostas que serán recollidas na memoria final do curso.

11.1. Outros apartados.

1. Outros apartados

- Este módulo conta cunha aula virtual na que se porá á disposición do alumnado todo o material de apoio, recursos complementarios e tarefas asociadas ás distintas unidades didácticas.
- Non se permite o uso de teléfonos móbiles no centro, agás por indicación expresa do profesorado para actividades concretas que requiran o seu emprego.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2ADG000100 - Xestión administrativa	A

Módulo
MP0442 - Operacións administrativas de recursos humanos (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
6	193	50	232	121

Profesorado responsable

Docentes
Rodríguez Fernández, María Josefa

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 9

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 21

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 21

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 22

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 22

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 22

8.1. Programación da educación en valores. 22

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 23

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 23

11.1. Outros apartados. 23

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de apoio administrativo ás tarefas que leva a cabo o departamento de recursos humanos. A función de apoio administrativo abrangue aspectos como: Apoio administrativo e elaboración da documentación relativa á selección do persoal. Apoio administrativo e elaboración da documentación xerada na formación dos recursos humanos. Apoio administrativo e elaboración da documentación e das comunicacións internas do departamento. Apoio administrativo e elaboración de documentación respecto aos sistemas de motivación. Xestión da documentación relativa á contratación e á remuneración do persoal. Xestión documental xerada na aplicación da normativa de protección de datos e de protección de riscos laborais, e aplicación dos procedementos de calidade. As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en tarefas de apoio administrativo ás tarefas que desenvolva o departamento ou a sección de recursos humanos de calquera tipo de empresa ou entidade, con independencia da súa actividade económica. A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais e), k), l), r) e t) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), f), g), n), o), p) e r). As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre: Identificación e xestión da documentación relativa aos procesos de selección, formación, motivación, comunicación interna, e organización e control de incidencias dos recursos humanos. Identificación da normativa laboral que afecta o persoal traballador, manexo dos contratos máis comunmente utilizados e lectura comprensiva dos convenios colectivos de aplicación. Formalización de recibos de salario de diferentes características, e doutros documentos de cotización. Revisión das páxinas web dos organismos relacionados coa xestión do persoal, e xestión telemática da documentación xerada.
Análise da lei de protección de datos de carácter persoal, e aplicación ao persoal dunha empresa.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	1 Departamento de RRHH e captación e selección de persoal.	Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación	5	11
2	Formación e desenvolvemento do persoal.	Realiza a tramitación administrativa dos procesos de formación, Desenvolvemento, compensación e beneficios do persoal, e recoñeceuse a documentación xerada.	10	10
3	O contrato de traballo. Modalidades e proceso de contratación.	Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación.	15	15
4	A seguridade social.	Estrutura, organización e prestacións da seguridade social.	35	20
5	O salario. Cálculo e confección de nóminas, cotización e retención.	O tempo de traballo e o salario e a confección de nóminas.	15	50
6	Documentación sobre incidencias: modificacións e suspension do contrato	Elabora a documentación relativa ás incidencias derivadas da actividade laboral das persoas traballadoras consante a normativa.	20	15

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	1 Departamento de RRHH e captación e selección de persoal.	11

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.		
CA1.1 - Describíronse os aspectos principais da organización das relacións laborais.	PE	10
CA1.2 - Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.	PE	15
CA1.3 - Identificáronse as técnicas habituais de captación e selección.	PE	10
CA1.4 - Caracterizáronse os labores de apoio na execución de probas e entrevistas nun proceso de selección, utilizado as canles convencionais ou telemáticas.	PE	10
CA1.5 - Identificáronse os recursos, os tempos e os prazos necesarios para realizar un proceso de selección de persoal.	PE	10
CA1.6 - Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante, e elaboráronse os informes apropiados.	PE	10
CA1.7 - Mantívose actualizada na base de datos creada para este fin a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal.	PE	10
CA1.8 - Compilouse a información necesaria para facilitar a adaptación do persoal ao novo emprego.	PE	10
CA1.9 - Realizáronse consultas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes sobre diversos datos de xestión do persoal.	PE	5
CA1.10 - Aplicáronse os criterios, as normas e os procesos de calidade establecidos, na procura dunha xestión eficaz.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Tramitación administrativa dos procesos de captación e selección de persoal
Fontes da normativa laboral.
Funcións do departamento de recursos humanos.
Políticas de xestión do capital humano na empresa.

Contidos
Fontes de contratación: externas e internas.
Métodos de selección de persoal: probas de selección, entrevista, dinámica de grupos e centros de avaliación.
Adaptación á nova ocupación.
Subvencións. Fontes de subvencións.
Políticas de xestión de persoal.

UD	Título da UD	Duración
2	Formación e desenvolvemento do persoal.	10

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA2 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de formación, desenvolvemento, compensación e beneficios do persoal, e recoñeceuse a documentación xerada.		
CA2.1 - Describíronse as características dos plans de formación continua, así como as dos plans de carreira do persoal.	PE	5
CA2.2 - Preparouse a documentación necesaria para unha actividade de formación (manuais, listaxes, horarios e follas de control).	PE	15
CA2.3 - Identificáronse as entidades de formación máis próximas ou importantes, preferentemente por medios telemáticos, para propor ofertas de formación nun caso empresarial dado, e contactouse con elas.	PE	10
CA2.4 - Clasificáronse as principais fontes de subvención da formación en función da súa contía e dos seus requisitos.	PE	10
CA2.5 - Organizáronse listaxes de actividades de formación e reciclaxe en función de programas subvencionados.	PE	10
CA2.6 - Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante.	PE	10
CA2.7 - Actualizouse a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal, nas canles de comunicación internas.	PE	10
CA2.8 - Actualizáronse as bases de datos de xestión de persoal.	PE	10
CA2.9 - Realizáronse consultas básicas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes.	PE	10
CA2.10 - Aplicouse ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Tramitación administrativa da formación, o desenvolvemento e a compensación do persoal
Políticas e procedementos administrativos relacionados coa motivación e a formación.
Principais técnicas de formación empresarial.
Entidades de formación.
Control das retribucións, incentivos e beneficios do persoal.

UD	Título da UD	Duración
3	O contrato de traballo. Modalidades e proceso de contratación.	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.		
CA3.1 - Defínironse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.	PE	5
CA3.2 - Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.	PE	5
CA3.3 - Formalizáronse os contratos laborais.	PE	10
CA3.4 - Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.	PE	10
CA3.5 - Defínironse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.	PE	15
CA3.6 - Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.	PE	10
CA3.7 - Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.	PE	10
CA3.8 - Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.	PE	10
CA3.9 - Rexistrouse a información xerada nos respectivos expedientes de persoal.	PE	15
CA3.10 - Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Confección da documentación do contrato de traballo, as súas modificacións e a súa extinción
Forma do contrato.
Métodos de contratación.
Xornada laboral e calendario laboral.
Proceso e procedemento de contratación laboral.
Documentación e formalización do contrato de traballo.
Suspensión e extinción do contrato de traballo.
Liquidación.

UD	Título da UD	Duración
4	A seguridade social.	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.		
CA4.1 - Identificáronse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.	PE	5
CA4.2 - Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.	PE	5
CA4.3 - Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.	PE	20
CA4.4 - Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.	PE	30
CA4.5 - Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.	PE	10
CA4.6 - Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.	PE	10
CA4.7 - Creáronse os ficheiros de remisión electrónica, tanto para entidades financeiras como para a Administración.	PE	5
CA4.8 - Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.	PE	5
CA4.9 - Realizáronse periodicamente copias de seguridade informáticas para garantir a conservación dos datos na súa integridade.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Elaboración da documentación correspondente ao pagamento do salario e obrigas inherentes
Réximes do sistema da Seguridade Social.
Obrigas do/da empresario/a coa Seguridade Social.
Elaboración do recibo do salario.
Cotizacións á Seguridade Social.
Tipos e bases de cotización.

UD	Título da UD	Duración
5	O salario. Cálculo e confección de nóminas, cotización e retención.	50

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Elabora a documentación relativa ás incidencias derivadas da actividade laboral das persoas traballadoras, consonte a normativa.		
CA5.1 - Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.	PE	15
CA5.2 - Elaboráronse os formularios de recollida de datos sobre control presencial, incapacidade temporal, permisos, vacacións e similares.	PE	25
CA5.3 - Realizáronse cálculos e estatísticas sobre os datos anteriores, utilizado follas de cálculo e formatos de gráficos.	PE	15
CA5.4 - Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.	PE	20
CA5.5 - Realizouse o seguimento de control de presenza para conseguir a eficiencia da empresa.	PE	15
CA5.6 - Realizáronse periodicamente copias de seguridade das bases de datos de persoal.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Elaboración da documentación relativa ás incidencias na relación laboral
Control do tempo.
Absentismo.

Contidos
Xestión de situacións especiais: incapacidade laboral, excedencias, permisos e desprazamentos.

UD	Título da UD	Duración
6	Documentación sobre incidencias: modificacións e suspension do contrato	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Aplica procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental nas operacións administrativas de recursos humanos, e recoñece a súa incidencia nun sistema integrado de xestión administrativa.		
CA6.1 - Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.	PE	20
CA6.2 - Valorouse a integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa.	PE	20
CA6.3 - Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.	PE	15
CA6.4 - Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.	PE	20
CA6.5 - Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).	PE	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Aplicación de procedementos de calidade de xestión integral dos recursos humanos
Prevención de riscos laborais: saúde, danos e riscos.
Fundamentos e principios dun modelo de calidade total en recursos humanos.
Normativa de protección de datos persoais e confidencialidade.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	1 Departamento de RRHH e captación e selección de persoal.	11

	Actividade	Descrición	Duración
1	Funcións e tarefas do departamento de RRHH,identiticando as necesidades de persoal, funcións de cada posto de traballo.	Identificarase as funcións dos departamento de RRHH, sabendo diferenciar as distintas tarefas que se fan dentro de cada departamento e valorando a súa importancia. Establecense as necesidades do posto de traballo, así como o perfil profesional que se require para o mesmo, identificando as principais fontes de captación de candidatos.	7

Criterios de avaliación

RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.

CA1.1 - Describíronse os aspectos principais da organización das relacións laborais.

CA1.2 - Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.

CA1.3 - Identificáronse as técnicas habituais de captación e selección.

Contidos

BC1 - Tramitación administrativa dos procesos de captación e selección de persoal

C1.1 - Fontes da normativa laboral.

C1.2 - Funcións do departamento de recursos humanos.

C1.3 - Políticas de xestión do capital humano na empresa.

Obxectivos específicos

Comprender as funcións do departamento de RRHH

Resultados ou produtos

Resolución dos exercicios propostos.

Recursos específicos

Exercicios entregados polo profesor.
Presentación de diapositivas.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Captación de persoal: fontes internas e externas, selección do persoal e informatización	Identificación das distintas fontes de selección de persoal e a súa informátización	4

Criterios de avaliación

RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.

